

# Sabor a sal

**A**s historias de piratas e a lectura son as dúas paixóns dun grupo de amigos que se converten nos protagonistas da novela *Os piratas da illa da Esperanza*. O seu autor, X.H. Rivadulla Corcón (A Coruña, 1962), é algúen coñecido, no eido da literatura pensada para os máis novos, por obras tales como *Taiberna á deriva*, *O adeus do vello mariñeiro*, *O elefante dunha soa orella*, *A que veñen as gaivotas a Compostela?* ou *A balada do Roi Nemiña*. Rivadulla Corcón amosa na obra que hoxe comentamos unha vez máis o gusto polo mundo do mar e mais as implicacións que, dende o punto de vista laboral, afectivo, social ou ideolóxico, se establecen entre os distintos elementos que integran una realidade tan ampla e tan rica como a aludida.

O mar, lugar idóneo para vivir fantásticas aventuras, marco no que teñen cabida experiencias marabillosas, inmensidaxe que permite acoller toda sorte de sentimientos e sensacións, convéntese para a literatura no acubillo de centos e centos de historias que, ancoradas na luz, na profundidade e no

## Espazos máxicos



MARÍA NAVARRO



misterio sobor-  
dan fantasía e hu-  
manidade.

Pois ben, a novela xuvenil que nos ocupa non é allea a esta consideración e fai do mar un

espazo máxico, capaz de transportar os personaxes a outras épocas, outros mundos, outras realidades e que dunha forma extraordinaria animan as súas vidas. Todo xira arredor do océano: punto de encontro, lecturas, heroes, aventuras, tristezas e mesmo arriscadas travesías e todo vai igualmente encamiñado cara a un fin común: acadar o tesouro da esperanza, o tesouro de poder vivir seguindo os ditados do corazón.

Tamén as persoas cobran unha especial relevancia no texto; a amizade, o respecto, a tolerancia ou a axuda desinteresada son algúns dos valores que dunha ou doutra forma zumegan as páxinas de "Os piratas da illa da Esperanza". A enfermidade do mozo Xan, capitán John Pelo Crecho, e o altruísmo do vello Marcelino, o Vagabundo, convidarán os lectores á reflexión e ao replantexamento de determinadas cuestións que teñen que ver coas relacións interpersonais, ademais de proporcionarles un rato de agradable lectura. Todo un acerto!

**RIVADULLA CORCÓN, X. H., *Os piratas da illa da Esperanza*, Ed. Xerais, Vigo, 2008, 110 páxinas**